



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 26 DE OUTUBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00048009Q.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. COMERCIO. Referencia: 2022/00039900A.

Designación da entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela “Bonos Corazón Compostela 2022”.

Acórdase designar a Abanca Corporación Bancaria S.A coma entidade colaboradora seleccionada para a entrega e distribución das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela, a través dos bonos Corazón Compostela 2022.

3. EDUCACIÓN. Referencia: Validación da OFI Factura F/2022/472.

Memoria xustificativa respecto da omisión da función interventora. Factura F/2022/472 emitida pola mercantil SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CINCOCENTOS CORENTA E OITO EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (1.548,78 €), segundo a factura F/2022/472, correspondente ao mes de XANEIRO do 2022, pola limpeza das instalacións “Anexos” dos centros de Educación Infantil e Primaria de Monte dos Postes e de Roxos, emitida pola mercantil UTE FERROVIAL SA – FERROSER SERVICIOS AUXILIARES SA.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.